# INSTRUCIÓNS PARA ACCESO A ACTIVIDADES

## 1. Que materias temos?

Facemos unha relación das materias que temos para que non se nos esqueza ningunha por mirar e facer as actividades.

*Exemplo con 1º ESO A*

- *Bioloxía e xeoloxía*
- *Xeografía e historia*
- *Educación física*
- *Lingua castelá e literatura*
- *Lingua galega e literatura*
- *Matemáticas*
- *Educación plástica, visual e audiovisual*
- *Inglés*
- *2ª lingua estranxeira: Francés*
- *Relixión*
- *Optativa correspondente*

## 2. Onde están as actividades ou indicacións do profesorado?

Todas as actividades ou indicacións están na páxina Web do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdaterracha/

Cada profesor publicou na mesma as actividades ou como ía organizar para facer chegar as tarefas ao alumnado/ familias.

Para consultar as actividades ou metodoloxía que vai empregar cada profesor farémolo de **DÚAS FORMAS**:

### 1. Consultamos na web no apartado de CURSOS:









Ao elixir curso e 1º ESO, apareceríamos a seguinte imaxe. Como se pode observar aparecen todas as publicacións que os profesores fixeron para 1º da ESO, PERO aparecen primeiro as máis recentes.




POLO QUE baixamos ao final da páxina e marcamos “última”. Desta forma imos ás primeiras actividades que se publicaron.

.




De novo baixaremos ao fondo de todo para ver as primeiras actividades que se mandaron.

MOI IMPORTANTE fixarse no que indico con círculos vermellos:

- <u>Data</u>: podemos observar desde que día empezaron a publicar. Non todos teñen data.
- <u>Materia</u>. Ven indicado cal é a materia que publica. Miramos que teñamos esa materia.
- <u>Grupo</u>. Si pon 1º ESO será para todos. Pero fixarse que nalgúns concreta para que grupo é (A, B ou agrupamento). Elixir o que che corresponde.

2. **Consultamos na Web no apartado de DEPARTAMENTOS, pinchamos na materia correspondente:**




Na seguinte imaxe queda indicado cun círculo e unha frecha onde se localiza a sección de departamentos. Aí elixiriamos a materia á que queremos acceder.




Eliximos, por exemplo, Inglés e aparécenos o que se ve na imaxe. Saen todos os profesores do departamento de Inglés que publicaron actividades ou como organizar a súa materia.

Buscamos a profesora que nos interesa. Neste caso sería Teresa, que é a profesora que imparte inglés a 1º ESO. No que escribe xa indica como se levará a súa clase e datos de contacto. Indica (como sinalamos co círculo) os cursos aos que vai dirixidos.

Recordade ir sempre ao fondo ver as páxinas que hai, e consultar sempre desde a "última" cara a primeira.

Para que non se nos esqueza ningunha tarefa faremos sempre a consulta por CURSO e por DEPARTAMENTO. Pois uns profesores poden publicar dunha forma e outros de outra ( o bo sería que todos o fixésemos da mesma forma, pero isto é unha situación excepcional e non todo o mundo ten coñecementos profundos de TICs e a uns cústalle máis que a outros ).

En caso de que nos quede algunha materia que non localizamos poñeriámonos en contacto coa titor/a correspondente.